



ACTA DO PRIMEIRO EXERCIZO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR VACANTE NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO ROSAL.

O Rosal, 8 de marzo de 2010

Sendo as nove horas e corenta e cinco minutos reúnense na Biblioteca Municipal do Concello do Rosal as persoas que de seguido se relacionan, integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para a provisión polo sistema de concurso-oposición libre dunha praza de educador/a familiar vacante no cadro de persoal laboral fixo deste Concello.

Presidenta: D^a Marta Couto García, educadora familiar do concello de Gondomar. Titular

Vogais:

a) D^a Patricia Costas Ramírez, traballadora social do SERGAS. Titular

b) D^a Carmen Valtierra Villar, educadora familiar do concello de Nigrán. Titular.

c) D. Javier González López-Mosquera, tesoureiro do Concello da Guarda. Titular

Secretaria: D^a Beatriz Díaz Rodríguez, secretaria da Corporación. Titular.

PRIMEIRO: DESENVOLVEMENTO DO PRIMEIRO EXERCIZO DA FASE DE OPOSICIÓN

De conformidade cos criterios establecidos na primeira reunión do Tribunal cualificador das probas, seguindo o disposto para o primeiro exercizo, achégase un número de preguntas tipo test con tres respostas alternativas, elaborándose o primeiro exercizo da fase de oposición.

Todos os membros aproban o listado de preguntas por unanimidade. Así mesmo, se elabora unha folla de respostas para dar por separado ós alumnos.

Procédese a dispoñer nove postos convenientemente separados para as aspirantes, colocando en cada un dos postos a seguinte documentación:

- unha ficha para encher os seus datos persoais.
- un sobre pequeno para introducir a ficha.
- un sobre grande para introducir o pequeno coa identificación do opositor e a folla de respostas, sen dobrar, ó finalizar o exame.
- o exame con 40 preguntas con tres respostas alternativas cada unha delas, sinaladas coas letras a), b), c).
- unha folla tamaño DIN A4 para anotar as respostas que consideren correctas, na que xa figuran impresas as anteriores letras para cada pregunta relacionada solo numericamente, é dicir: **1)** a), b), c); **2)** a), b), c).

As dez horas son chamadas, por orde alfabético, as opositoras e comprobada a súa idoneidade mediante a mostra do DNI, resultando o seguinte:



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

CANDIDATA	PRESENTACIÓN
ALONSO MARTÍNEZ, SANDRA	PRESENTADA
AYÁN BURILLO, M ^a ISABEL	NON PRESENTADA
CONTRERAS BARJA, M ^a EMMA	NON PRESENTADA
CORTIÑAS BREY, BANESA	PRESENTADA
MANEIRO BARRAL, CAROLINA	PRESENTADA
RODRÍGUEZ GIRALDEZ, NÉLIDA	NON PRESENTADA
ROMERO CAMPOS, PATRICIA	NON PRESENTADA
TÁBOAS ALONSO, PAULA	NON PRESENTADA

O primeiro exercizo da fase da oposición celebrouse sen ningunha incidencia e, finalizado o mesmo, o Tribunal reuniuse no mesmo local para a corrección do exame tipo test.

SEGUNDO: CORRECCIÓN DO EXAME TIPO TEST

Seguindo os criterios establecidos previamente para a corrección do exercizo, procedeuse a apertura dos sobres grandes e a numerar correlativamente os exercizos e os seus correspondentes sobres pequenos (sen abrilos) para unha identificación numérica dos exames e se pasou a corrixilos, resultando de maior a menor puntuación a seguinte:

Nº DE EXAME	PUNTOS
3	9.00
2	8.50
1	7.75

De seguido procédese á apertura dos sobres para a identificación nominal, sendo esta, por orde de puntuación, como segue:

Nº DE EXAME	NOME E APELIDOS	CUALIFICACIÓN
3	MANEIRO BARRAL, CAROLINA	9.00
2	ALONSO MARTÍNEZ, SANDRA	8.50
1	CORTIÑAS BREY, BANESA	7.75

TERCEIRO: CONVOCATORIA PARA O SEGUNDO EXERCIZO DA FASE DE OPOSICIÓN.

Finalmente acórdase fixar como data, lugar e hora de celebración do segundo exercizo da fase de oposición (exame teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar e desenvolver dous temas da PARTE ESPECÍFICA, escollidos ó chou, nun tempo de dúas horas) para as opositoras aprobadas a que segue:

Luns, 15 de marzo de 2010, ás 9:30 horas

Biblioteca Municipal do Concello do Rosal, sita na Casa Consistorial (Praza do Calvario)



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

O Tribunal cualificador, ante a posibilidade do carácter ilexible dalgún dos exames, deciden que o mesmo deberá lerse polas candidatas, comezando a citada lectura en sesión pública unha vez transcorrida media hora a contar dende a finalización do segundo exercizo da fase de oposición e chamando ás opositoras por orde alfabético.

E non tendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión pola Sra. Presidente sendo as once horas, do cal, como Secretaria, dou fe.

PRESIDENTE

VOGAL

VOGAL

VOGAL

SECRETARIA